Acta da sesión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG, do día 28 de febreiro de 2025

[RRC/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG,** o día **28 de febreiro de 2025, ás 10:35 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Raquel Arias Rodríguez
(Presidenta)
Enrique Barreiro Sánchez
(Vicepresidente)
Alexandra Fernández Gómez
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Juan Manuel Casares Gándara
Jesús María Fernández Rosende
José Manuel Mato Díaz
(en substitución de Victor Manuel Baladrón Lamas)
Paula Mouzo Mas
Carmen María Pomar Tojo
Ángel Rodríguez Conde
Katherinie Varela Fernández
(en substitución de Cristina Campero Dorado)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Mercedes Queixas Zas
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Silvia Longueira Castro
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecente:
Director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia– CRTVG

Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Preguntas:

1.1 16550 (12/POC-002748)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia
Sobre as modificacións anunciadas pola CRTVG en varios dos seus centros, as súas consecuencias nas condicións de traballo e a posibilidade de extensión futura deste sistema ao centro de San Marcos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 147f1, do 29.01.2025

A **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** dá contas das razóns que a levaron á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia intervén o **señor director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** para dar resposta ás cuestións formuladas pola señora deputada.

Na rolda de réplica a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** expón novas consideracións sobre a información recibida.

O **señor director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** pecha o debate da iniciativa incidindo en moitos dos argumentos expostos na súa intervención inmediatamente anterior.

1.2 16790 (12/POC-002823)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre o nivel de rigor da información emitida pola TVG e o seu deber de veracidade e imparcialidade
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 140f2, do 16.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG**), quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa e que aparece publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de réplica a **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG),** manifesta o seu desacordo coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto.

O **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**, pecha o debate desta iniciativa puntualizando a súa intervención anterior e contestando ás novas consideracións formuladas.

1.3 19371 (12/POC-003246)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a progresiva exclusión da lingua galega no acceso aos medios públicos galegos de comunicación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156f3, do 12.02.2025

A **señora Queixas Zas, Mercedes (BNG),** refire as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

En representación da Xunta de Galicia intervén o **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo.**

En rolda de réplica a **señora Queixas Zas, Mercedes (BNG)**, amosa diversas consideracións discrepantes coa resposta recibida e reitérase nas cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do o **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** que reitera e amplía o manifestado na súa intervención inmediatamente anterior.

1.4 19455 (12/POC-003259)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis
Sobre a situación orzamentaria e contable da CRTVG
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156f3, do 12.02.2025

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Pomar Tojo, Carmen María (P**), que pasa a dar conta das razóns que motivaron a formulación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, o **señor director xeral da Corporación de Radio Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo.**

A **señora Pomar Tojo, Carmen María (P),** fai uso da súa rolda de réplica para agradecer a información recibida, que comenta con novas consideracións ao respecto.

PARLAMENTO DE GALICIA

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **señor director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, contestando ás cuestión expostas pola deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradécelle ao señor Sánchez Izquierdo a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión, así como ao persoal da Cámara polos servizos prestados.

Remata a sesión ás 12:20 horas.

Raquel Arias Rodríguez

V. º B. º
Raquel Arias Rodríguez
Presidenta da Comisión

Firmado digitalmente por Raquel Arias Rodríguez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Raquel Arias Rodríguez, email=raquel.arias.rodriguez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.24 12:58:24 +01'00'

Alexandra Fernández Gómez
Secretaria da Comisión

Alexandra Fernández Gómez

Firmado digitalmente por Alexandra Fernández Gómez
Fecha: 2025.03.24 10:35:57 +01'00'